



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lecturas de Literatura Española. Poesía	Código	613G01046	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Profesorado	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Lectura crítica e comentario de textos poéticos. A asignatura ten un carácter práctico e contará cunha introducción que permita o alumno o uso de ferramentas para aprender a técnica do comentario de textos poéticos, así como a súa contextualización histórica e estética.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Dominar a técnica do comentario de textos e percibir a singularidade do discurso poético, centrándose nas obras e o período fixados como marco do estudio	A1 A2 A3 A5 A10 A15 A17	B5 B6 B7 B8	C1 C4
Levar a cabo unha lectura crítica e reflexiva de textos poéticos da literatura española, recoñecendo a súa poética e percibindo a súa singularidade	A3 A5 A15 A16 A17 A18	B3 B5	C1 C4
Coñecer as semellanzas e diferencias da poesía tradicional e culta na etapa medieval e tardomedieval, así como distintas mostras de textos (e autores de poesía culta)	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18	B5 B7 B8	C1



Reflexionar sobre a importancia do contexto da creación e recepción dos textos poéticos, percibindo a súa repercusión na lectura e interpretación das obras	A1	B5	C1
	A2	B8	C4
	A3	B10	
	A5		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
Familiarizarse coas principais fontes bibliográficas que permiten achegarse ao estudo dos textos poéticos aos que se atende, empregando tamén internet	A5	B1	C1
	A10	B3	C3
	A11	B6	C4
	A14	B7	C6
	A15	B9	C7
	A16	B10	C8
	A17		
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e aplique os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de maneira selectiva, cando é posible (e convinte), ao manexo doutra bibliografía e a recursos accesibles a través de internet.	A1	B1	C1
	A2	B3	C3
	A3	B5	C4
	A5	B6	C6
	A10	B7	C7
	A11	B8	C8
	A14	B9	
	A15	B10	
	A16		
	A17		
A18			

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción metodolóxica.	<ul style="list-style-type: none"> -O comentario de textos -A linguaxe poética e a súa plurisignificación -Recursos estilísticos -Métrica
Os chamados froitos tardíos da Idade Media: lírica de tipo tradicional e poesía cancioneril	<ul style="list-style-type: none"> Cuestións previas -Sobre a autoría -Sobre a cronoloxía -Sobre a súa difusión: o público receptor. -Sobre a súa transmisión
A poesía tradicional	<ul style="list-style-type: none"> -Tradicións e antecedentes -Distintas etapas -O vilancico e a súa glosa -Temas e motivos -Recursos estilísticos -Métrica -Fontes instrumentais básicas no estudio da poesía tradicional



A poesía cancioneril	<ul style="list-style-type: none"> - Tradicións e antecedentes. -Etapas e reinados. -Cancioneiros e autores. -Tipos de poesía e principais xéneros. -A poesía amorosa. Temas e motivos. Principais recursos. A canción e outras formas. -Outras producións poéticas. A poesía dialogada. O decir. -Fontes instrumentais básicas no estudio da poesía cancioneril
----------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7	3	10	13
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A16 A17 A18 B5 B7 B10 C1 C4 C7	10	16	26
Actividades iniciais	B5 B8 B9 C4 C6 C8	0.5	0	0.5
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	0	21	21
Lecturas	A2 A3 A5 A10 A11 A14 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7	0	22	22
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7	18	9	27
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Na data oficial fixada polo centro, o estudante deberá realizar unha proba na que dea conta do aprendido ao longo do curso, tanto nas sesións maxistras como nos obradoiros, sempre tendo como punto de partida as leituras levadas a cabo.
Sesión maxistral	Servíndose do método expositivo a profesora proporcionará unha introdución metodolóxica sobre a técnica do comentario de textos, así como as nocións básicas necesarias sobre a tradición literaria e o contexto do tipo de producións que serán obxecto de comentario.
Actividades iniciais	Avaliación dos coñecementos previos do alumnado en relación coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita estruturar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.



Traballos tutelados	Traballo tutelado pola profesora que pretende promover a aprendizaxe autónoma (terá como punto de partida os textos obxecto de lectura, aínda que ese corpus poderá ser complementado en razón da escolla do tema elixido). Desenvolverase de acordo coas pautas establecidas e axustarase ás características formais que no seu momento se formulen.
Lecturas	A lectura das obras sinaladas son o eixe sobre o que xira esta materia, pois nunca se comentarán os textos no baleiro, senon considerando a tradición literaria na que se integran e o(s) contexto(s) de creación e recepción; enténdese, xa que logo, que se trata non so dunha lectura comprensiva, senon reflexiva e crítica. Tamén, para a realización do traballo e ocasionalmente para realizar algún dos exercicios do obradoiro, a profesora recomendará a lectura de artigos críticos e bibliografía complementaria.
Obradoiro	Combínanse distintas metodoloxías e exercicios (discusión, análise de aspectos formais concretos dun texto...), de xeito que, a traveso desas actividades, a profesora perciba o traballo do alumno e o seu avance na técnica do comentario de textos. Nalgún caso, a docente entregará materiais que o estudante deberá ler e examinar para presentar no curso dunha sesión posterior.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba mixta Traballos tutelados Lecturas	O estudante poderá recorrer a este tipo de atención cando o requira, tanto para levar a cabo as actividades do obradoiro como para resolver dúbidas surtidas na preparación da proba mixta, nas lecturas..., pero nunca para suplir as explicacións que non ten seguido por ausentarse da aula inxustificadamente. A tutela do traballo farase efectiva nas horas de tutoría da profesora y esixirá, cando menos, de dúas sesións antes da súa presentación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7	Levaranse a cabo distintas actividades en clase que serán tidas en conta na avaliación. A medida que se avance no dominio da técnica de comentario, os alumnos realizarán distintos exercicios propostos pola profesora, en colaboración ou individualmente, nos que deberán aplicar os coñecementos vistos nas sesións maxistras, reflexionar sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente) que se sometan a discusión, elaborar textos escritos que resuman ou desenvolvan algún tema tratado en clase ou na bibliografía... Algunhas desas actividades requiren non so da participación do estudante no obradoiro, senon dun tempo suplementario para elaborar os materiais cando teñan que entregarse (tempo contemplado nas horas non presenciais).	20
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7	Exercicio escrito realizado na aula de xeito individual no que o alumno comentará un ou máis textos (incidindo nos aspectos que se especifiquen) e resolverá problemas semellantes aos tratados nas horas presenciais e aplicando unha metodoloxía similar.	50
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A10 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Na data que a profesora estableza (en razón do avance dos contidos), o estudante deberá entregar un traballo escrito no que examinará en profundidade un ou máis textos (un texto contrastado con outros adscritos ao mesmo xénero, temática...; varios que desenvolvan un mesmo motivo ou recurso, debidos a un mesmo autor...). Nunha primeira fase, o estudante presentará un esquema e os obxectivos que se propón; seguindo as suxerencias, anotacións e correccións da profesora, elaborará formalmente o traballo, que se aterá ás pautas fixadas. Valorarase a correcta presentación e a organización dos contidos, así como que o alumno demostre a comprensión das lecturas levadas a cabo (da bibliografía primaria e secundaria), o seu dominio da técnica de comentario, a súa capacidade de reflexión crítica e os resultados ou aportacións do traballo mesmo.	30



Observacións avaliación

Só se aceptarán traballos e actividades que se entreguen na data establecida, en soporte de papel e seguindo as normas para a entrega de traballos escritos que se precisarán en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen acadar unha calificación mínima de 4 sobre 10 en cada un dos apartados; o estudante recibirá a cualificación "Non Presentado" no caso de que non se presente á proba mixta. Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, está previsto que, ademais de entregar o traballo tutelado e realizar a proba mixta, o alumno dea conta complementariamente do aprendido no obradoiro. Dase por suposta a asistencia a clase; aquel estudante que conte con dispensa académica recoñecida debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa aprendizaxe.

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde a un estudante de cuarto curso do Grao de español (non so se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fora da aula non estea en consonancia coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control da profesora, tomarase como referencia para avaliar a expresión do alumno os escritos que este teña elaborado sen axuda externa.

Fontes de información

Bibliografía básica

- *Alín, José María (ed.) (1991). Cancionero tradicional. Madrid, Castalia
- Alonso, Álvaro (ed.) (2003). Poesía andaluza de cancionero. Sevilla, Fundación José Manuel Lara
- Alonso, Dámaso y José Manuel Blecua (eds.) (1956). Antología de la poesía española. Poesía de tipo tradicional. Madrid, Gredos
- *Beltran, Vicenç (ed.) (2009). Poesía española 1. Edad Media: lírica y cancioneros. Madrid, Visor
- Beltran, Vicenç (ed.) (1997). Poesía lírica medieval. Barcelona, Clásicos Castellanos
- Dutton, Brian y Victoriano Roncero (eds.) (2004). La poesía cancioneril del siglo XV. Madrid-Frankfurt, Iberoamericana-Vervuert
- Frenk Alatorre, Margit (ed.) (1977). Lírica española de tipo popular. Madrid, Cátedra
- Gerli, Michel (ed.) (1994). Poesía cancioneril castellana. Madrid, Akal

Esta é unha síntese da bibliografía primaria, na que se recollen so escolmas; será complementada pola profesora con edicións de autores, obras e cancioneros. Marcáronse con asterisco as de manexo cotián.

Bibliografía complementaria

- Alvar, Carlos y Ángel Gómez Moreno (1987). La poesía lírica medieval. Madrid, Taurus
- Dutton, Brian con Jineen Krogstad (1990-1991). El cancionero del siglo XV (c. 1360-1520). Salamanca, Biblioteca Española del siglo XV-Universidad de Salamanca
- Frenk Alatorre, Magrit (1978). Estudios sobre lírica antigua. Madrid, Castalia
- Frenk Alatorre, Margit (2003). Nuevo corpus de la antigua lírica popular hispánica (s. XV a XVII). México, UNAM
- Rodado Ruiz, Ana M^a (2000). Tristura conmigo va. Fundamentos de Amor Cortés. Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha
- Sánchez Romeralo, Antonio (1969). El villancico (Estudios sobre la lírica popular en los siglos XV y XVI). Madrid, Gredos

Ofrécese a relación tan so duns cantos títulos de bibliografía secundaria, que se complementará no curso das sesións da materia. Recomendase tamén o manexo dos enlaces de internet que figuran a continuación: AHLM:

<http://www.ahlm.es/> (que inclúe o boletín bibliográfico)SEMYR:<http://campus.usal.es/~semyr/textos-line.htm> Portal Parnaseo:<http://parnaseo.uv.es/> CervantesVirtual: <http://www.cervantesvirtual.com> Convivio.Poesía medieval y cancioneros: (<http://www.luisvives.com/portal/cancionmedieval> An Electronic Corpus of 15th Century Castilian Cancionero Manuscripts: (<http://cancionerovirtual.liv.ac.uk/main-page.htm>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Literatura Española/613G01011

Literatura Española Medieval/613G01022

Literatura Española do Século de Ouro 1/613G01023



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías